



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Economía da Empresa: Dirección e Organización		Código	611G01008
Titulación	Grao en Economía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Lopez Rodriguez, Jose	Correo electrónico	jose.lopez.rodriguez@udc.es	
Profesorado	Lopez Rodriguez, Jose Rodriguez Fernandez, Maria Jose	Correo electrónico	jose.lopez.rodriguez@udc.es maria.jose.rfernandez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta asignatura ten como obxectivo xeral a aprendizaxe de conceptos e ideas básicas relacionadas coa dirección/goberno corporativo e a organización interna das empresas. Ademais tamén se complementa esta aprendizaxe cunha introducción a concepción da empresa e os principais tipos de empresas en función da súa natureza legal.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	CE1- Contribuír á boa xestión da asignación de recursos tanto no ámbito privado como no público.
A2	CE2-Identificar e anticipar problemas económicos relevantes en relación coa asignación de recursos en xeral, tanto no ámbito privado como no público.
A3	CE3-Aportar racionalidade á análise e á descripción de calquera aspecto da realidade económica.
A4	CE4-Avaliar consecuencias e distintas alternativas de acción e seleccionar as mellores, dados os obxectivos.
A5	CE5-Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas da economía (internacional, nacional ou rexional) ou de sectores da mesma.
A6	CE6-Redactar proxectos de xestión económica a nivel internacional, nacional ou rexional. Integrarse na xestión empresarial.
A7	CE7-Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido.
A8	CE8-Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía.
A9	CE9-Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.
A10	CE10-Usar habitualmente a tecnoloxía da información e as comunicación en todo a seu desempeño profesional.
A11	CE11Leer e comunicarse no ámbito profesional en máis dun idioma, en especial en inglés.
A12	CE12-Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos.
A13	CE13-Comunicarse con fluidez no seu contorno e traballar en equipo.
B1	CB1 - Que os estudantes demostren posuir e comprender coñecementos nun área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que soe encontrar nun nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que se demostran por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da su entorna de traballo.
B3	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da su área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía



B6	CG1- Que os estudantes formados se convertan en profesionais capaces de analizar, reflexionar e intervir sobre os diferentes elementos que constitúen un sistema económico
B7	CG2 - Que os estudantes coñezan o funcionamento e as consecuencias dos sistemas económicos, as distintas alternativas de asignación de recursos, acumulación de riqueza e distribución da renda e estean en condicións de contribuír ao seu bo funcionamento e mellora
B8	CG3 -Que os estudantes sexan capaces de identificar e anticipar os problemas económicos relevantes, identificar alternativas de resolución, seleccionar as máis axeitadas e avaliar os resultados aos que conduce.
B9	CG4 -Que os estudantes respecten os dereitos fundamentais e de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.
C1	CT1-Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	CT2-Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	CT3-Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT4-Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	CT5-Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	CT6-Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe				
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título			
Visión da empresa (economía neoclásica vs nova economía institucional) e principais tipoloxías de empresas (status legal)	A2	B1	C1	
	A3	B2		
	A5	B3		
	A6	B4		
	A7	B5		
	A8	B6		
	A9	B9		
	Goberno corporativo	A1	B1	C4
		A2	B2	C5
A3		B3	C6	
A4		B4	C7	
A8		B6	C8	
A9		B7		
A10		B8		
A11				
A12				
A13				
Organización interna	A1	B1	C4	
	A2	B2	C5	
	A3	B3	C6	
	A4	B4	C7	
	A6	B6	C8	
	A7	B7		
	A8	B8		
	A9			
	A10			
	A11			
	A12			
	A13			



Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1. INTRODUCCIÓN A ECONOMÍA DA EMPRESA	1.1. Concepción da empresa: teoría neoclásica vs nova economía institucional 1.2. Principais tipoloxías de empresas (estatus legal)
TEMA 2. GOBERNO CORPORATIVO	2.1. Definicións de goberno corporativo 2.2. Problemas de goberno corporativo e solucións. Enfoque dende a teoría de axencia
TEMA 3. ORGANIZACIÓN INTERNA	3.1. Definición de estrutura organizativa. Principais tipoloxías de estruturas organizativas 3.2. Diseño de estruturas organizativas. Enfoque dende a teoría de custos de transacción

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 A8 A12 B1 B6 B8 C6 C7 C8	17	0	17
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A12 A13 B3 B5 B7 B9 C1 C4 C5 C7	12	30	42
Aprendizaxe colaborativa	A3 A4 A11 A12 A13 B2 B4	10	0	10
Lecturas	A8 A11 C8	6	0	6
Proba de resposta múltiple	A3 A4 A8 A10 A12 B1	1	64	65
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación de conceptos teóricos básicos
Traballos tutelados	Traballos en grupo nos que se aplicarán os conceptos vistos nas sesións maxistrais.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados
Proba de resposta múltiple	Exame tipo test

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Lecturas Sesión maxistral Traballos tutelados	<p>No caso das metodoloxías "Sesión maxistral" e "Lecturas" a atención personalizada concíbese para a resolución das dúbidas e problemas que poida ter o estudiantado na comprensión e aplicación de conceptos para a correcta aprendizaxe da asignatura. No caso dos "Traballos tutelados" corresponde coa atención en seguimento do traballo realizado por cada grupo na proposta educativa, tanto na preparación do documento escrito como na preparación da presentación oral da mesma. A forma e o momento en que se desenvolverá a atención personalizada indícarase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.</p> <p>As TGR poderán desenvolverse presencialmente ou online e consistirán en 2 sesións de 2 horas nas semanas 7 e 13 aprox. do cuadrimestre.</p>
---	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de resposta múltiple	A3 A4 A8 A10 A12 B1	Exame tipo test	60
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A12 A13 B3 B5 B7 B9 C1 C4 C5 C7	A partires da elección dunha empresa real realizarase unha análise de distintos aspectos relacionados co seu goberno corporativo e organización interna. O traballo, ademais de entregarse por escrito, presentarase oralmente na clase cara ao final do período do curso, segundo o calendario fixado polo profesor.	40

Observacións avaliación



A) CUALIFICACIÓN DE "NON

PRESENTADO" E DE "SUSPENSO" POR SANCIONES DISCIPLINARIAS

1. 1. Cualificación de non presentado: Corresponde ao alumno/a, cando só participa en actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, independentemente da cualificación acadada.

2. Cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese (artigo 11, apartado 4 b), do Regulamento disciplinar do estudiantado da UDC):o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

B) OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN

1. Primeira oportunidade: A avaliación correspondente a primeira oportunidade será totalmente continua en base a unha proba de resposta múltiple (60%) e a presentación oral do traballo tutelado que compoñen o resto da avaliación da asignatura (40%). No caso da proba de resposta múltiple, a data de realización será a fixada no calendario oficial para a primeira oportunidade. A presentación oral realizarase durante o período lectivo do curso, de acordo co calendario fixado polo profesor para cada grupo. Para superar a asignatura haberá que acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10 no cómputo global da avaliación, pero ademáis é condición sine qua non acadar 5 puntos sobre 10 na proba de resposta múltiple. De non acadarse este mínimo na proba de resposta múltiple, a asignatura estará suspensa, e a nota será a do exame.

2. Segunda oportunidade: No que atinxe a 2ª oportunidade de xullo a avaliación farase a partires do exame tipo test mais o traballo tutelado aplicando as mesmas ponderacións que na 1ª oportunidade, tendo en conta o seguinte: 1º) aqueles estudantes que se presentaron a primeira oportunidade e suspenderon, as súas notas do traballo tutelado serán recuperadas, 2º) aqueles estudantes que non se presentaron a primeira oportunidade e no fixeron traballo tutelado poderán realizalo. Para elo, o estudante dirixirase ó profesor coa suficiente antelación para indicarlle o seu desexo de realizar o traballo, o cal deberá ser entregado e presentado antes da data do exame oficial da segunda oportunidade. Do mesmo xeito que para a primeira oportunidade, para aprobar necesitarase acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10 no cómputo global, pero ademáis é condición sine qua non acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10 na proba de resposta múltiple. De non acadarse este mínimo na proba de resposta múltiple, a asignatura estará suspensa, e a nota será a obtida en dita proba.

3. Convocatoria adiantada: Os alumnos que se presenten a convocatoria adiantada, a avaliación só se fará a partires dunha proba de resposta múltiple e para aprobar necesitarase acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10.

C) OUTRAS OBSERVACIÓNS DE AVALIACIÓN:

1. Condicións

de avaliación: Está prohibido acceder á sala de exames con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e / ou o almacenamento de información. 2. Identificación

do estudante: O estudante deberá acreditar a súa personalidade

segundo a normativa vixente.3. Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e despensa académica de exención de asistencia:A avaliación realizarase sobre os mesmos contidos e criterios de avaliación que os estudantes con dedicación a tempo completo. O principio do curso estes estudantes dirixiránse ó profesorado para fixar un calendario de actuacións específico acorde coa súa situación particular para deste xeito posibilitar a realización das distintas actividades de avaliación do curso.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Cuervo, A. (2008). Introducción a la Admnsitración de Empresas. Thompson Civitas- Douma, S., Scheruder, H. (2013). Economic Approaches to Organizations. Pearson- Brickley, J. Smith, C., Zimmerman, J. (2005). Managerial Economics and Organizational Architecture. McGraw Hill- Mintzberg, H. (1988). La Estructuración de las Organizaciones. Ariel Economía
Bibliografía complementaria	



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia: a. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático b. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos 2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sostibilidade e nos comportamentos persoais e profesionais. 3. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. 4. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías